

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2023/2024

PROGRAMA Plan Proxecta: 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)	SOLICITUDE 40492	VERSIÓN 1
---	----------------------------	---------------------

CENTRO IES Ramón Otero Pedrayo		CÓDIGO DO CENTRO 15005002
ENDEREZO Avenida Monelos 10 A		LOCALIDADE A Coruña
CÓDIGO POSTAL 15008	CONCELLO Coruña (A)	PROVINCIA Coruña (A)
TELÉFONO 881960960	ENDEREZO ELECTRÓNICO ies.otero.pedrayo.coruna@edu.xunta.gal	

DIRECTOR/A:

NOME José Carlos	PRIMEIRO APELIDO Suárez	SEGUNDO APELIDO Vázquez	NIF
---------------------	----------------------------	----------------------------	--------------

ACTUACIÓN/S SOLICITADA/S

 PVDA

 XOGADE

PROFESORADO

Nome	DNI	Participación	Especialidade
Félix Longueira Fafián		Docente	Xeografía e historia
Cristina María de Prada Creo		Coordinador	Educación física
José Carlos Suárez Vázquez		Docente	Educación física
Pedro Luis Vázquez García		Docente	Educación física
Juan Manuel Vázquez Vilaboa		Docente	Educación física

ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	1º Ensinanza secundaria obrigatoria	38	39	3
Educación secundaria obrigatoria	Primeiro ciclo de secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria	60	64	5
Educación secundaria obrigatoria	Segundo ciclo de secundaria obrigatoria	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	49	50	4
Educación secundaria obrigatoria	Segundo ciclo de secundaria obrigatoria	4º Ensinanza secundaria obrigatoria	38	42	3

TÍTULO

Movéndose no Otero

INTRODUCCIÓN

Este proxecto de Vida Activa e Deportiva coordina, ordena e amplía as actividades deportivas do IES Ramón Otero Pedrayo. Forma parte das actividades complementarias aprobadas polo consello escolar e está recollido no Plan Anual de Centro xunto coas actividades do resto dos departamentos. As modalidades que pensamos se adaptan mellor ao noso centro, son as de Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar (Xogade) e Máis e Mellor Actividade Física (MMAF). Converterase así, nun complemento importante ás clases de Educación Física. Así mesmo, o IES Ramón Otero Pedrayo, participará neste curso 2023-2024 nas actividades deportivas de Bádminton e Orientación, sempre e cando as circunstancias o permitan dentro do programa Xogade e dinamizará e fomentará nos recreos a participación do alumnado, facendo campiónatos e xogos en colaboración co profesorado, tendo tamén o alumnado de 1º e 2º ESO (neste curso por primeira vez), 3 horas de docencia na materia de Educación Física. Búscase coa participación neste proxecto, diminuír o nivel de sedentarismo, empregar o tempo de lecer dunha maneira activa, mellorar a oferta de actividades deportivas complementarias e extraescolares. A parte destas actividades, o departamento de Educación Física, intentará varias saídas co alumnado do centro: ao mar (surf na praia de Bastiagueiro), sendeirismo nas



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2023/2024

PROGRAMA Plan Proxecta: 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)	SOLICITUDE 40492	VERSIÓN 1
---	----------------------------	---------------------

comarcas próximas coa participación de outros departamentos do centro e actividades lúdicas/deportivas con institutos de outros concellos.. Estas actividades son voluntarias e o obxectivo é coñecer e desfrutar actividades no medio natural que poidan ter certa continuidade na súa vida e tempo de lecer.

OBXECTIVOS

- Ocupar o tempo de lecer do alumnado con actividades físicas e deportivas.
- Fomentar a participación e uso de espazos deportivos por parte das alumnas.
- Participar aceptando e respectando diferentes niveis de destreza na práctica, tanto en se mesmo como nos outros.
- Relacionarse con rapaces do entorno próximo.
- Respetar o regulamento do deporte practicado así como as decisións do árbitro.
- Responsabilizar ao alumnado no deseño dos campionatos (arbitrase dos partidos, normas de funcionamento do torneo....)
- Facer máximo uso dos recursos dispoñibles: instalacións (propias do centro(o pavillón e a pista exterior)), horarios dos mesmos (tódolos recreos), recursos humanos (profesorado docente de garda nos recreos e os propios de Educación Física nas extraescolares) e materiais (o material que conta o departamento de educación física), así como da súa utilización.
- Coñecer a sensación de competir de maneira lúdica e sen presións.
- Fomentar entre o alumnado a adquisición de hábitos permanentes de actividade física e deportiva.

- Realizar actividades físico-deportivas de xeito voluntario e cubrir parte do tempo de lecer de xeito activo, lúdico e divertido.
- Ofrecer ao noso alumnado programas de actividades físicas e deportivas adecuadas a súa idade e en consonancia co desenvolvemento do currículo de Educación Física.
- Coñecer alumnado de outras comarcas.
- Fomentar o espírito de participar para desfrutar da actividade e non só para gañar.

ORGANIZACIÓN

1. Antes de levar a cabo este proxecto, realizaranse reunións entre os membros das gardas de Pavillón. Nestas, estableceranse os deportes, en función da programación do departamentos, e farase un calendario.
2. O alumnado de 4º da ESO, encargárase da elaboración e posta en práctica dos torneos, que coa axuda dos seus profesores/a, realizarán a elaboración da normativa xeral do torneo adaptadas ao tempo e espacio dispoñible, deseñarán as actas arbitrais, fichas de inscrición de equipos, xogadores e árbitros, carteis informativos... Así mesmo, encargárase de arbitrar os torneos.
3. En Xogade, participaremos nas actividades que vexamos máis seguras e que nos permitan.
4. Informarase ao alumnado das actividades a través dos seguintes medios:
 - Explicación de Xogade nas clases de educación física.
 - Nota informativa enviada aos pais/nais.
 - Carteis informativos colocados no centro.
 - Os adestramentos levaranse a cabo nos recreos.
5. A saída da actividade de surf, intentarase facer no mes de abril/maio, así como as saídas/andainas.

AVALIACIÓN

Elaborarase un documento coas conclusións e resultados (revisión do proxecto, melloras de cara ao ano que ven, análises dos datos de participación...)

Ao final do curso, coas opinións recollidas tanto do profesorado coma do propio alumnado, avaliaráse o proxecto, valorando a actividade desenvolvida e o grao de cumprimento dos obxectivos, recolléndose propostas de mellora, se fora o caso.

Contabilizaráse o número de alumnos/as, profesores/as,... implicados nas distintas actividades deportivas programadas tanto en actividades escolares como extraescolares para levar un control no futuro sobre o grao de participación na práctica deportiva.

Efectuarase igualmente unha memoria sobre a participación e o nivel de satisfacción dos implicados/as.

Se valorará a participación do alumnado tanto nos adestramentos como nas competicións. Do mesmo xeito, terase en conta as opinións, suxestións do alumnado de cara a futuras participacións en PVDA e Xogade.

No se valorarán os resultados deportivos, xa que nas competicións de Xogade, participa alumnado federado e no se compite ó mesmo nivel.

Valorarase o traballo feito polo alumnado de 4º ESO na organización dos torneos no recreo.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2023/2024

PROGRAMA Plan Proxecta: 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)	SOLICITUDE 40492	VERSIÓN 1
---	----------------------------	---------------------

Coruña (A), 19 de setembro de 2023

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa